

Si. Foi aquela noite. A noite do meu aniversario. A noite que espero con máis desprezo de todo o ano. Esa noite na que se levantan os espíritos. A noite de Samaín.

Retrocedemos anos atrás. Situámonos no ano 2018. Este era un ano especial para min, xa que facía os 15 anos. Polo meu aniversario pedín un ordenador para xogar a videoxogos, xa que era algo que me apaixonaba. Foi aquela noite, cando estabamos toda a familia reunida para celebrar o meu décimo quinto aniversario. Eu estaba toda emocionada xa que levaba esperando o ordenador desde había moito tempo. A cea estivo xenial e a torta de queixo que me fixo miña avoa mellor aínda. Chegou o momento de abrir o meu regalo. Entón vai o meu padriño a por el a sala do lado. Chegou cunha caixa de cartón mal envolta que estaba algo mollada. Nese momento decateime de que non podía ser o que eu pedira, xa que un ordenador mollado non valía para nada. Entón collín e xa decepcionada e algo enfadada abrí a caixa. A miña sorpresa foi ao ver que o que había dentro da caixa era unha cadela branca pequeniña cun ollo de cada cor. Todos os que estaban naquela sala sabían que a min non me gustaban nada os cans, así que eu nese momento non entendín por que me fixeron aquel agasallo. Marchei moi enfadada para a miña habitación e botei alí horas.

Pasadas esas horas decidín saír. Estaba alí ela, a miña nova cadela, a que aínda non bautizara. Para comezar a collerlle algo de cariño fun a darlle unha volta pola miña vila. Mentres a paseaba fun pensado no nome que poñerlle e si, veume á cabeza de golpe o nome perfecto. Danna. Ese é o nome que lle puxen. Estabamos paseando por unhas leiras que hai detrás da miña casa cando, de súpeto, Danna marchou correndo. Eu, que xa lle pillara algo de cariño, botei a correr detrás dela. Levoume ata un regato. Quedamos as dúas impresionadas ao ver que o que se vía na auga non era o noso reflexo, se non que era un reflexo endemoñado da miña persoa. Era eu. Ou iso pensaba. Era a miña cara. A única diferenza era que a cara do reflexo estaba sen un ollo, e con marcas dunha loita. Había unhas forzas que me atraían a meterme no regato. Eu non era o suficientemente forte para facerlle fronte, polo que despois dun anaco loitando para non caer, acabei metida alí. Danna veu atrás miña.

Espertei con Danna lambéndome a cara. Mirei ao meu arredor e pareceume un mundo similar ao normal, pero non o era. Entón vin ao reflexo que vira no regato sentado nunha cadeira metálica ao meu carón. Quixen marchar de onda el, cando me comezou a falar. Resumindo a charla, díxome que el era a miña sombra. Soa algo raro, pero dixo que era quen me protexía de todo, e que el era o culpable de que o meu agasallo de aniversario fora unha cadela en lugar dun ordenador. Cando me dixo iso, levanteime e púxenme a discutir con el. Decateime de que a miña reacción non fora normal e calei. Explicoume que o fixera polo meu ben, xa que estaba tan amarrada a non saír da casa que se me agasallaba un ordenador xa sairía unicamente para ir á escola. Estaba nun momento que non tiña nin amigos. Non me gustaba a xente en xeral. Por iso en lugar dun ordenador me deron unha cadela, xa que así tiña que saír da casa a paseala e a xogar con ela, e aproveitando as saídas podía falar cos amigos.

Sen poder despedirme nin dicirlle nada, aparecín no regato con Danna ao meu lado. O primeiro que fixen foi darlle unha aperta a Danna e con ela entre os meus brazos púxenme a chorar.

Agora, que xa cumprín os 18 anos, agradézolle a ese reflexo todo o que fixo por min, e que segue facendo. Actualmente teño o meu grupo de amigos e tamén teño moza. Gústame saír de festa con eles e facer cousas que antes nin se me pasarían pola cabeza.